

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

R. Sánchez Estévez (2004): “Aspectos xerais da toponimia de Monforte”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 3, 549-560.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

ASPECTOS XERAIS DA TOPONIMIA DE MONFORTE

Remedios Sánchez Estévez

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

Sempre que nos achegamos ó estudio da toponimia dunha área xeográfica determinada a perspectiva de traballo dependerá, en gran medida, do obxectivo da nosa investigación, sexa esta de carácter etimolóxico, centrada no establecemento de clasificacións semánticas, no estudio gráfico de documentos antigos ou no estudio comparativo con topónimos doutras linguas, sabendo de antemán que o traballo máis completo sería aquel que dese conta de todos estes aspectos.

No presente traballo o obxectivo principal é a clasificación e estudio do nome das parroquias que forman o concello lugués de Monforte de Lemos, atendendo á súa etimoloxía e relacionándoos, na medida do posible, con outros nomes que presenten étimos similares.

Comezamos facendo unha comparanza entre as diferencias que presentaba a situación a finais do s. XVIII en relación co momento presente, no que agardámo-la saída do novo nomenclátor.

Na actualidade o territorio pertencente ó concello divídese en 26 parroquias rurais (30 se temos en conta que a vila de Monforte alberga no seu seo catro parroquias).

A finais do s. XVIII (1785), ademais da vila, o concello dividíase territorialmente nas seguintes xurisdiccións¹: o chamado *Cóto Nuévo*: unha parroquia; o *Cóto Viéjo*, trece; *Monforte de Lemos*, que albergaba só a vila; *Moreda*, unha; *Sober*, outra (hoxe pertencente a Monforte); *Tor*, dúas e *Valverde*, unha.

Segundo isto, o número total de parroquias era 20 porque as restantes ou ben non aparecían rexistradas ou estaban incluídas dentro doutros concellos, como é o caso de Santa María de Vaamorto que pertencía á xurisdicción do Incio.

Xa a finais do s. XIX (1845) recolle Madoz no seu *Diccionario* unha división moi próxima á actual con 26 parroquias (ou 27 contando as dúas de Monforte: S. Vicente do Pino e Sta. María da Régoa)².

¹ Clasificación feita por Amor Meilán no seu libro *Geografía General del Reino de Galicia*.

² P. Madoz: *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar*.

A única parroquia que non aparece rexistrada en ningún dicionario anterior a este século é a do **Chao do Fabeiro**, que é de recente creación e está incluída no nomenclátor de 1970. Os lugares que hoxe pertencen a esta parroquia eran, noutro tempo, aldeas da veciña Santa María de Vaamorto.

O número total de topónimos era, segundo Madoz 193 a mediados do s. XIX; no 1973 o nomenclátor reflicte un número máis ou menos similar e co tempo créanse novos núcleos de poboación.

No traballo de investigación de campo realizado este ano constatamos 307 nomes de lugares pertencentes ás parroquias rurais, polo tanto, houbo un incremento de 114 lugares dende finais do s. XIX ata hoxe, o que supón un aumento de case un 60%.

Nos textos medievais manexados non aparecen recollidos tódolos nomes dos lugares, pero si os nomes das 27 parroquias.

A continuación analizáremo-lo nome das mesmas, tendo en conta que a maior parte dos topónimos proceden de nomes de persoa, xentilicios ou nomes comúns, aínda que existen topónimos de orixe escura sobre os cales só podemos formular hipóteses por medio de aproximacións fonéticas con outros topónimos.

Dado o extenso número dos mesmos, tentaremos facer unha clasificación atendendo ó campo semántico ó que pertencen, agrupándoos pola súa orixe etimolóxica en “fitotopónimos”, “orotopónimos”, “nomes de propietarios” e un grupo final baixo o epígrafe “outros topónimos” onde aparecerán algúns de diversa índole.

FITOTOPÓNIMOS

O grupo dos **FITOTOPÓNIMOS** (topónimos referidos a nomes de plantas) está formado polas parroquias de: **Caneda, Fiolleda, Moreda, As Nocedas e Piñeira**.

A etimoloxía destes nomes parece bastante transparente dada a forma que presentan. Proceden do latín: CANNA, FENUCULU, *MORA (do latín clásico MORUM), NUX, NUCIS, e PINUM, respectivamente.

No que atinxe ó topónimo “Moreda” existe a posibilidade dunha segunda interpretación³, que recolle Elixio Rivas Quintás e que fai referencia á existencia dunha base indoeuropea *mor- co significado de “rocha” ou “monte”.

A estas formas engádeselle o sufixo abundancial -ETUM /-ETAM, que está na base de moitísimos topónimos do noso contorno como Abeledos ou Eivedo.

No caso de “Piñeira” o sufixo é o latino -ARIUM /-ARIAM, que pode non especificar un colectivo senón o propio nome da árbore como en “nogueira”, “figueira” ou “piñeiro”.

Este topónimo aparecía no 1705 como Piñeyra de Gándara⁴.

³ E. Rivas Quintás: *Toponimia de Marín*.

⁴ *España dividida en provincias e intendencias*.

Existen varios lugares que presentan estas bases etimolóxicas: “O Moredo”, “Moreiras”, “Canabal” ou “Canedo”.

Contamos con documentación medieval de todas estas formas dende o 1098 no “Nomenclátor toponímico de la diócesis [de Lugo]” (citado como “LUCENSIA”) atribuído a Buenaventura Cañizares e tamén nos arquivos de diversos mosteiros.

- *Caneda, villa, sub aula S. Eolaliae* –1161– (LUCENSIA)
- *casali meu de Supperado que est in Caneda* –1220– (OSEIRA)⁵
- *Fenoleda, S. Cosme, parrochia* –1177– (LUCENSIA)
- *Sancti Iuliani de Moreda, in Lemos, similiter in ecclesia* –1238– (OSEIRA)
- *Martinus Petri, prelatus sancti Iuliani de Moreda* –1255– (OSEIRA)
- *...vos vendo todo o herdamento que eu hey en San Juliao de Moreda* –1267– (OSEIRA)
- *Nuzeda, S. Esteban* –1194– (LUCENSIA)
- *Monforte ecclesia Sancti Stephani de Nuzeda* –1194– (OLANO)⁶
- *in Monteforti XXII solidos; in Pignaria L solidos* –1240– (OSEIRA)

OROTOPÓNIMOS

O segundo grupo de topónimos está formado polos orotopónimos e son en total seis: O Chao do Fabeiro, Monte, Monforte, A Penela, Ribasaltas e Valverde. Estes nomes fan referencia á configuración do terreo.

O Chao do Fabeiro

Deste topónimo non temos recollida documentación medieval porque, como xa adiantamos na introducción, é unha parroquia de creación relativamente recente.

É un topónimo formado por dous nomes comúns, o primeiro referente á orografía e o segundo, un fitotopónimo.

“Chao” < lt. PLANUS e designa en toponimia “un lugar sen alturas”. É frecuente a aparición deste nome cun determinativo, coma neste caso.

“Fabeiro” < lt. FABARIUM, formado a partir da base latina FABAM mailo sufixo abundancial que lle confire a idea de colectividade.

Monte e Monforte

< lt. MONS, MONTIS. Aparece moitas veces determinado, como é o caso de “Monforte” co adxectivo latino FORTEM ou cun diminutivo como acontece con “Monticelo” (< -ELLUM), na parroquia de Chavaga.

⁵ M. Romani Martínez: *A colección diplomática do Mosteiro Cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense), (1025/1310)*.

⁶ V. de Olano Silva: “Toponimia gallega”.

- *Affonso Rodriguez, morador en Eyravedra, Gonçalvo Pérez de Santa Mariña do Monte* –1314– (DEVANCEIROS)⁷
- *por que soyan andar de san frañisco para santa marina do monte* –1401– (OLANO)
- *Monteforti qui olim dicebatur Pinus* –1199– (OLANO)
- *Monforte in ripa Cave* –1120– (OLANO)
- *Facta carta apud Monfortem* –1213– (RIBAS DE SIL)⁸
- *Montis Fortis sub parrochia sancti Vicencii* –1258– (OSEIRA)

A Penela

- *Penela, sub signo S. Mariae de Noceda* –1246– (LUCENSIA)

Diminutivo do nome común “pena” < lt. PINNA. O sufixo procede do lt. –ELLAM co significado de “pena pequena”.

Esta forma presenta o artigo en tódolos nomenclátors, agás no do ano 1970 no que tódolos topónimos aparecen recollidos sen artigo. Nas testemuñas medievais a advocación desta parroquia parece pertencer á veciña parroquia das Nocedas, sen embargo, a confusión puido ser debida á proximidade das mesmas.

Outros lugares que presentan este étimo son: “A Pena”, barrio de Monforte, e distintas aldeas de Seoane, Valverde, A Vide e Vilamarín.

Ribasaltas

< lt. RIPA, que ten o significado de “beira dun río ou do mar” mailo adxectivo ALTUS, que mantén a forma culta.

- *Monforte Ripas Altas* –1098– (OLANO)
- *Ripis Altis, S. Petrus de, ecclesia* –1194– (LUCENSIA)
- *Monforte ecclesia sancti petri de ripis altis* –1194– (LUCENSIA)

Nalgunhas ocasións este adxectivo seguiu a evolución patrimonial chegando á forma “outo”. No latín popular formouse o derivativo *ALTARIUM, orixe de numerosísimos topónimos na nosa xeografía. Dentro do noso concello temos “Outeiro”, “Outeiriño”, “O Outeiro” ou “Outarelo”.

Do substantivo RIPAM deriva “Ribela”, na parroquia de Sindrán.

As dúas partes que forman o topónimo “Ribasaltas” aparecen unidas nos nomenclátors modernos a partir de 1970, sen embargo nos documentos medievais sempre se rexistran como formas independentes, empregando ou <v> indistintamente. A vacilación nas grafías foi constante ata os nosos días, e así preséntasenos a forma con nos nomenclátors modernos do 70 e do 81, mentres que nos do 86 e no do 90 aparece con <v>.

⁷ X. Ferro Couselo: *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de Documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*.

⁸ E. Duro Peña: *El Monasterio de San Esteban de Ribas de Sil*.

Valverde

- *Valle viridi* –1215– (LUCENSIA)
- *Valle viridi cum ecclesia* –1239– (LUCENSIA)

É outro composto formado pola unión do nome “val”, do lt. VALLIS e o adxectivo “verde”, (< VIRIDIS), que no latín clásico significaba “vigoroso, vivo”.

Recollemos moitos derivados deste substantivo latino: “O Val”, “Val de Bolo”, “Val de Ourense”, etc.

O *Cóto Real de Valverde* formaba xurisdicción independente no ano 1785 e era señorío do mosteiro de San Vicente do Pino.

Deste segundo grupo, formado polos orotopónimos, a documentación máis temperá data do ano 886 (referida a Santa Mariña do Monte), e foi extraída do arquivo do mosteiro de Oseira.

NOMES DE PROPIETARIOS

Un terceiro grupo de topónimos está formado polos **NOMES DE POSUIDORES**, propietarios de terras que perpetuaron os seus apelativos ó longo do tempo e son, basicamente, topónimos derivados de nomes latinos, xermánicos e prerromanos.

Propietarios latinos

Son cinco as parroquias monfortinas que levan o nome de antigos **PROPIETARIOS LATINOS**: Marcelle, Tor, A Vide e Vilamarín.

Marcelle

- *in Vesossimo ecclesia de Marcilii* –1120– (OLANO)
- *Marcelli ecclesia* –1133– (LUCENSIA)
- *...cautum de Marcelle* –1233– (RIBAS DE SIL)

Voz procedente do lt. MARCELL(I)US, derivado da forma MARCUS, relacionada, á súa vez, co lt. MARS.

Tor

- *Tor* –1098– (LUCENSIA)

Procede do lt. TURIUS na forma do xenitivo TURI. Existen no concello de Monforte dúas parroquias veciñas que levan a mesma denominación.

Esta evolución é a mesma que atopamos no topónimo “Pol” (na parroquia de Vaamorto), que procede do lt. PAULUS en xenitivo ou no topónimo “Tol”, do nome latino TULLIUS.

Fronte a esta interpretación, que parece bastante acertada, algúns autores ofrecen a posibilidade de que sexa un nome procedente da mesma voz “tor” que en sánscrito significa “altura”.

A Vide

- *Abiti, villa* –1098– (LUCENSIA)
- *in villa que vocitant Vide* –1193– (OSEIRA)
- *duo casalia...et aliud in Vidi* –1228– (OSEIRA)
- *et Arias Iohannis rector ecclesie de Vide* –1259– (OSEIRA)
- *et per hereditatem de Vite* –1259– (OSEIRA)

Este topónimo ofrece, a primeira vista, dúas posibilidades de interpretación.

A primeira é consideralo un fitotopónimo, polo tanto, como nome común “vide” o seu étimo é o latín VITIS, procedente do verbo VIEO, que significa “atar”. Deste xeito, entendémo-lo <a> como artigo engadido posteriormente á palabra.

A segunda possibilidade é que sexa un derivado dun nome de posesor latino (AVITUS) na súa forma de xenitivo. Neste caso o <a> forma parte do antropónimo.

Elixio Rivas Quintás na súa “Toponimia de Marín” recolle unha terceira posibilidade de explicación: que o nome proceda dun orónimo con raíz *bit- / *bet-, variante de *pit / *pet-.

A interpretación máis común nos falantes foi a de relaciona-lo topónimo coa “vide” e o <a> pasou a se-lo artigo, tendo como resultado unha falsa segmentación.

Este mesmo fenómeno aconteceu co topónimo “Agolada”, na provincia de Pontevedra.

Unha vez feita esta aclaración, pensamos que o nome debería aparecer como “Avide” (todo xunto), xa que así se recolle no ano 1098 na documentación medieval anteriormente indicada: “villa Abiti”.

Vilamarín

O último topónimo desta serie é Vilamarín, nome formado por dúas palabras. A primeira: “Vila” < lt. VILLA. Na Idade Media había dous tipos de VILLA: a do labrego e a do señor, á que máis adiante se lle chamou PALATIUM. Desta forma saíron tódolos topónimos que presenta a forma “pazo”: “Pazo”, “Pazos”, “Paciocova”, etc.

No que atinxe á forma “vila”, existen moitos outros nomes derivados dela como “Vilanova”, “Vilamaior”, “A Vila”, “Cima de Vila”, “Vilela”...

No caso de “Vilamarín” atopámonos diante dun nome latino que vai engadido a un substantivo que designa unha entidade de poboación.

- *Villa Marin* –1222– (LUCENSIA)

Marín < lt. MARIN(I)US, a partir do xenitivo MARINI.

A forma galega Vilamarín só aparece recollida no nomenclátor de 1981.

Propietarios xermánicos

O segundo grupo de nomes derivados de antropónimos é o dos **PROPIETARIOS XERMÁNICOS**. Estes constitúen un elemento moi importante na toponimia peninsular en relación coa frecuencia de onomásticos persoais medievais desta orixe. Os nomes xermánicos do N.O. remontarían, segundo Gamillscheg e Sachs, á monarquía visigoda e, en menor medida, ós nomes de orixe sueva.

Gullade

O primeiro topónimo é Gullade, rexistrado nos arquivos do mosteiro de Oseira baixo a forma “Guillade” en xenitivo. Os nomes persoais rematados en <-i> no xenitivo pasan, polo xeral, a <-e>.

- *Fonte Guillade* –1473– (OSEIRA)

Con respecto á base, existe un elemento de terminoloxía do Dereito <*gild*-> co significado de “orzamento, contribución”, que explicaría este topónimo.

Guntín

O segundo é Guntín, un antropónimo godo que, como a maior parte deles, pasou ó latín coa terminación maioritaria en <-us> e así aparece no latín medieval como GUNTINUS / GUTINUS, nome procedente do gótico **gunpi*, co significado de “loita, combate”.

- *villa de Guntin* –1098– (LUCENSIA)
- *Martin Suares de Gontin* –1265– (DEVANCEIROS)

Existen moitas variantes deste nome en toda Galicia: Gundín, Agudín, Gondán, etc., que derivan dos prefixos *gund-* / *gunt-* e poden aparecer tanto no primeiro lugar da palabra coma no segundo, formando neste último caso nomes de muller, por exemplo “Aldegundía”.

Os antropónimos xermánicos con terminación <-inus> implican unha adaptación do sufixo godo <-*eins*>, que no xenitivo derivou na solución <-ín> para a Península Ibérica (<-im> no caso de Portugal).

Sindrán

O topónimo Sindrán, do que temos documentación bastante tardía (mediados do s. XIV), só aparece rexistrado como apelativo.

- *Johan Sindran* –1325– (RIBAS DE SIL)

Trátase dun xenitivo de posuidor que presenta unha terminación propia dos nomes que pasaron ó latín rematando en <-anem> e deron como solución os resultados <-án>, <-á> ou <-ão> (nasalizada).

A primeira parte da palabra podería estar en relación coa forma **sanps*, que significa “verdadeiro”, e atopámolo como segundo elemento da composición en formas como “Gresande” ou “Guisando”.

Outra posibilidade sería a forma **segh-*, que deixou representacións no céltico, grego e xermánico.

Distriz

O último topónimo deste subgrupo é Distriz, nome que fai referencia a un antropónimo dun propietario hispano-visigodo que reflicte a dobre procedencia na formación do mesmo.

- *in ripa Cave, villam Desteriz* –1120– (OLANO)
- *o nosso cassar de Destrys, que he no couto de Monforte* –1355– (RIBAS DE SIL)

DEXTER era un cognome clásico ó que se lle engadiu a forma <-ricus>, derivada de *-reiks*, que significa “que ten autoridade, poderoso, rico”. Deste xeito naceu o composto DESTERICI. O máis frecuente é que a forma <-rigo> evolucione a -riz / -ris, e de aí que atopemos “Desteriz” ou “Destriz” en Ourense e “Distriz” en Monforte.

A alternancia no vocalismo átono entre a vocal palatal de grao medio e a palatal pechada <e>/ <i> mantense aínda hoxe entre os falantes que pronuncian “Destriz” ou “Distriz” indistintamente.

Nomes prerromanos

O último subgrupo de topónimos que proceden de nomes de propietarios da terra é o que deriva de NOMBRES PRERROMANOS. Só temos dous exemplos: Vascós e Lemos.

Vascós

Reflicte o nome dun pobo primitivo do que temos noticia a través do latín VELASCONES e así aparece recollido na documentación medieval.

- *Velascones S. Martini ecclesia* –1175– (LUCENSIA)
- *Sancto Martino de Velascones* –1175– (OLANO)

Este nome presenta o sufixo prerromano *-asc-*, presente noutros topónimos galegos como Tarascón ou Viascón.

Os nomenclatores empregados recollen a forma con , agás no ano 1785, que presenta o <v> etimolóxico no libro *España dividida en provincias e intendencias*.

Lemos

- *Moreda, in Lemos, similiter* –1238– (OSEIRA)

Forma a segunda parte do topónimo que lle dá nome ó concello. Procede do étnico LEMAVI.

É case xeral, e aceptado por todos, o feito de que o topónimo “Lemos” procede do antigo pobo lemavo (xa Ptolomeo falaba da existencia dos “lemavios” na zona ocupada polo val no que se sitúa hoxe Monforte), sen embargo, existe outra tese que pon en relación este termo con outros nomes de lugar como “Limia” ou “Lameiro” facendo fincapé no feito de que o río Cabe, que baña a vila, ó seu paso por Monforte deixa ó longo do seu percorrido os seus pousos en forma de lama e este feito é o que explica o topónimo. Esta interpretación foi recollida por Fernando Cabeza Quiles no seu libro *Os nomes de lugar*⁹.

OUTROS TOPÓNIMOS

Ata este momento a agrupación de topónimos facíase tendo en conta o significado dos mesmos e o feito de que a cada grupo lle pertencía un número máis ou menos amplo de nomes. Os que restan por analizar estarán incluídos baixo o epígrafe **OUTROS TOPÓNIMI-**

⁹ F. Cabeza Quiles: *Os nomes de lugar*.

MOS, xa que cada un ten un significado e etimoloxía diferente. Son: Vaamorto, Chavaga, A Parte, Reigada, Rozavales e Seoane.

Vaamorto

- *Vado mortuo* –1175– (OLANO)
- *Sancta Maria de Vado morto* –1243– (LUCENSIA)

Procede do lt. VADO MORTUO e indica un “paso” nun camiño ou no río. O adxectivo “morto”, neste contexto, pode relacionarse coa improductividade do mesmo.

Tódolos documentos recollen a forma antietimolóxica con , tendo en conta a grafía de VADO.

Chavaga

- *iglesia da san Joan de Chavaga* –s. XV– (RIBAS DE SIL)

Topónimo de orixe escura que non ten correspondencia con outras formas galegas.

Recole Palomar Lapesa un antropónimo prerromano coa forma CLAUICI (en xenitivo), que presenta un prefixo CLAU-. Este prefixo corresponde á raíz *KLEU, que significa “oír” e forma nomes célticos¹⁰, sen embargo, a nosa forma, ademais de presenta-la palatalización do grupo CL- inicial, partiría dunha forma feminina, inusual na formación de topónimos.

A Parte

Topónimo relacionado coas divisións xurídicas que se facían dos territorios e procede do acusativo latino do nome común PARS, PARTIS.

- *Purcis, vilia de Lemos* –891– [Partis, hoxe “A Parte”, parroquia] (LUCENSIA)

Nos nomenclátoreos apareceu con ou sen artigo sen seguir un criterio coherente, e así no 1810 en Villarroel aparece como “Sta. María de Parte”, e no 1845 Madoz recólleo como “Sta. María de la Parte”. A partir do 1981 sempre aparece o nome da parroquia co artigo.

Reigada

- *...et deinde cum vineis da de Reigada et deinde cum Iohanne Fernandi* –1267– (RAMIRÁS)

Trátase dun hidrotopónimo procedente do lt. REGO, palabra que algúns autores atribúen a unha base *recu, de orixe prerromana e que puido mesturarse co nome céltico “rica”, que significa “fenda” (< indoeuropeo).

A base feminina “rega” < lt. RICA. O significado achégase ó do substantivo “rega” como “acción de regar”.

Existen moitos derivados deste significado latino dentro do concello: “O Rego”, “O Regueiro”, “A Regueira”, etc. Os sufixos -ARIUM / -ARIAM, neste caso son indicativos dunha relación de pertenza ou semellanza e xa están lexicalizados.

¹⁰ M. Palomar Lapesa: “Antroponimia prerromana”.

Rozavales

- *cum fratribus de Runciavalle* –1220– (RIBAS DE SIL)
- ... *ad confrariam de Rozavales 1 solidum* –1227– (OSEIRA)
- *A Santa María de Roavales, des 3 moravedis* –1302– (DEVANCEIROS)
- *Sant'Antón e a Santa Maria de Roavales* –1338– (DEVANCEIROS)

Topónimo relacionado cos labores da terra que indica un proceso de explotación da mesma. O nome está formado por dúas palabras, a segunda das cales (=“val”) xa foi explicada ó falar do orotopónimo “Valverde”.

A primeira procede do verbo latino *RUPTIARE, que tiña o significado de “cavar”, “labra-la terra por primeira vez” e procedía á súa vez do participio latino RUPTUS (=roto), verbo RUMPERE (=romper).

O topónimo “Rozavales” presentou sempre a grafía en tódolos nomenclátore, excepto no *Diccionario nomenclátor* de Villarroel (= “Rozavalles”), con <v>(1810).

Seoane

- *monasterio de S. Ioanne de Cinissa* –1088– (OLANO)
- ...*entre nos e os cabaleyros de Soutelo e de Seoane* –1279– (DEVANCEIROS)

É un haxiotopónimo que procede dun nome de santo en latín: SANCTI JOHANNIS. Trátase dun santo titular dunha igrexa que lle deu nome á poboación que a arrodeaba.

Nos documentos da Idade Media aparece o nome S. Ioanne unido ó lugar de Cinissa, hoxe “Cinsa”, lugar da parroquia de Vaamorto. O nome do mosteiro formou o topónimo “Seoane”.

JOHANNIS supón a latinización dunha forma hebrea co significado de “Deus é misericordioso”. O nome actual procede do xenitivo latino popular en <-i>. Na época medieval o patronímico adoptou a forma “Eanes”. Temos documentación da forma “Seoane” de finais do s. XI ata finais do s. XIII.

DOCUMENTACIÓN ESCRITA

Ata este momento falamos da análise dos topónimos e, unha vez foron expostas as posibles etimoloxías, indicaremos a **DOCUMENTACIÓN ESCRITA** que temos dos mesmos.

Durante todo o s. X, XI, e ata o XV temos constancia das formas analizadas en repetidas ocasións nos documentos antes mencionados e noutras fontes de información como os arquivos dos mosteiros de Oseira e Ribas de Sil, así coma no libro *A vida e a fala dos devanceiros* de Ferro Couselo.

En liñas xerais mantéñense os topónimos tal e como foran recollidos nos primeiros nomenclátore, sen grandes modificacións, a non se-la restauración de grafías etimolóxicas no caso de Vaamorto, Vascós, Rozavales (con <v>) e Ribasaltas (con).

Para rematar vou adianta-lo problema derivado da deturpación de nomes galegos debida á presión do castelán e favorecida pola administración pública e polo papel da Igrexa.

É relevante o feito de termos como nome de parroquia unha forma castelá e que esa mesma forma apareza en galego para referirse ó nome dun lugar. Por exemplo, o *Diccionario geográfico-estadístico-histórico* de Madoz recolle o nome “Villamarín” ó lado de “Cima de Vila” (alternancia “vila” / “villa”); a advocación desta parroquia é “San Félix” fronte á aldea de “San Fiz” en Marcelle (unha denominación oficial e outra tradicional).

Noutras parroquias coma Moreda existen aldeas coma “Ciudad” ou “Iglesia” ó lado doutras aldeas chamadas “Outeiro” ou “Regueiro”.

Estes fenómenos poñen de manifesto o problema da restauración dos nomes que, a partir do s. XVI, foran alterados pola presión do castelán. Algúns deles foron simples traducións do galego ó castelán, por exemplo “Eirexa” ou “Cabana”, que pasaron a chamarse “Iglesia” e “Cabaña”; outros adaptáronse ó sistema fonético do castelán, por exemplo “Barja” ou “Mareje” no canto de “Barxa” e “Marexe”. Algúns grupos convertéronse en formas híbridas como “Junqueira” ou “Freijo”, que manteñen o ditongo decrecente galego pero adaptáronse ó sistema fonético castelán, substituíndo o fonema fricativo prepalatal xordo polo fricativo velar.

O risco de alteración do topónimo será maior canto máis grande sexa o núcleo de poboación. A coexistencia de dúas denominacións para un topónimo foi, durante moitos anos, un feito natural que está sendo corrixido polo Goberno Galego coa actual revisión dos mesmos nas aldeas de Galicia e que agardamos sexa rematada no menor tempo posible.

BIBLIOGRAFÍA

- Amor Meilán, Manuel: *Geografía General del Reino de Galicia*, Vol. IX, Ediciones Gallegas, A Coruña, 1980.
- Cabeza Quiles, Fernando: *Os nomes de lugar*, Ed. Xerais, Vigo, 1992.
- Cañizares del Rey, Buenaventura: “Nomenclátor toponímico medieval de la diócesis”, *Lucensia* 5 (1992), pp. 139-185.
- Caro Baroja, Julio: *Los pueblos del Norte*, Txertoa, San Sebastián, 1977.
- Doç, Miguel: “Antroponimia latina” en *Enciclopedia Lingüística Hispánica*, Vol. I, CSIC, Madrid, 1960, pp. 389-419.
- Duro Peña, Emilio: *El Monasterio de San Esteban de Ribas de Sil*, Instituto de Estudios Orensanos “Padre Feijoo”, Ourense, 1977.
- España dividida en provincias e intendencias*, Tomo I, Imprenta Real, 1789.
- Ferro Couselo, Xesús: *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de Documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*, Vol. I, Galaxia, Vigo, 1967.
- González Fernández, Isabel: “Sufijos nominales en el gallego actual”, *Verba*, anexo 11, 1978.

- Hubschmid, Johannes: “Toponimia prerromana” en *Enciclopedia Lingüística Hispánica*, Vol. 1, CSIC, Madrid, 1960, pp. 447-493.
- Madoz, Pascual: *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar*, Madrid, 1845.
- Menéndez Pidal, Ramón: *Toponimia prerrománica hispánica*, Gredos, Madrid, 1968.
- Moralejo Lasso, A.: *Toponimia gallega y leonesa*, Pico Sacro, Santiago de Compostela, 1977.
- Olano Silva, Víctor de: “Toponimia gallega”, *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* 1 (1945), pp. 653-666.
- “Toponimia gallega”, *Boletín de la Comisión provincial de Monumentos Históricos y artísticos de Lugo*, T. VIII (1967-68), pp. 121-129 e T. IX (1974-75), nº 59-60.
- Palomar Lapesa, Manuel: “Antroponimia prerromana” en *Enciclopedia Lingüística Hispánica*, Vol. 1, CSIC, Madrid, 1960.
- Piel, J. M.: “Nomes de possessores latino-cristiaos na toponimia astur-leonesa-portuguesa”, *Biblos* 23,1 (1947), pp.143-202 e 23, 2 (1947), pp. 283-407.
- “Antroponimia germánica” en *Enciclopedia Lingüística Hispánica*, Vol. 1, CSIC, Madrid, 1960, pp. 421-444.
- “Toponimia germánica” en *Enciclopedia Lingüística Hispánica*, Vol. 1, CSIC, Madrid, 1960, pp. 531-560.
- “Consideracións xerais sobre toponimia e antroponimia galega”, *Verba* 6 (1979), pp. 5-11.
- “Respiga de antroponimia galega de orixe latina”, *Verba* 9 (1982), pp. 125-152.
- “Novísimas achegas à historia da tradición antroponomástica mais antiga latina no Noroeste galaico”, *Verba* 11 (1984), pp. 5-24.
- Rivas Quintás, Elixio: *Toponimia de Marin*, *Verba*, anexo 18, 1982.
- “Familias léxicas e campos semánticos prerromanos” en M. Brea / F. Fernández Rei (coords.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*, T. 1, Universidade, Santiago de Compostela, 1991, pp. 427-441.
- Romaní Martínez, Miguel: *A colección diplomática do Mosteiro Cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense), (1025-1310)*, Tórculo, Santiago de Compostela, 1989.
- Santamarina, Antón: “Problemas para la restauración de topónimos gallegos” en *Actas de las I Jornadas de Onomástica. Toponimia*, Vitoria-Gasteiz, 1986, pp. 239-246.
- Villarroel, José de: *Diccionario nomenclátor de las ciudades, villas, aldeas, caseríos, cotos, ventas, castillos y prioratos de todo el reyno de Galicia*, Santiago de Compostela, 1810.